

21 Outubro de 2013 - Revista 942

Revista Se manal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 8

NOVAS DE EMPREGO / 11

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 15

EN PORTADA

Xuventude apoia a posta en marcha dunha rede de voluntariado hospitalario para fomentar a lectura e outras accións literarias



Martes, 15 Outubro 2013 00:00

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, inaugurou hoxe en Santiago as xornadas de formación en 'Literapia'.

A Consellería de Traballo e Benestar colabora con este proxecto da asociación xuvenil 'Estudiantes sen fronteiras' a través do **programa Iniciativa Xove**.

A iniciativa do departamento autonómico permite que a mocidade galega poida emprender e impulsar actividades .

Estas axudas de participación xuvenil, ás que se destinaron preto de 570.000 euros, permitiron este ano a execución de 165 proxectos. A Consellería de Traballo e Benestar está a apoiar a posta en marcha dunha rede de mozos e mozas voluntarios que fomenten a lectura e outras actividades literarias no ámbito hospitalario. Trátase do proxecto 'Literapia' que desenvolve a asociación xuvenil 'Estudiantes sen fronteiras' que contou coa axuda da Xunta a través do programa Iniciativa Xove da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. O responsable desta área autonómica, Ovidio Rodeiro, inaugurou hoxe en Santiago as xornadas de formación en 'Literapia' nas que se imparten aos voluntarios diferentes métodos de estimulación da escritura creativa e do fomento da lectura conxunta no contorno familiar.

Rodeiro destacou que *Iniciativa Xove* está a permitir á mocidade galega emprender e impulsar actividades. *"É un programa onde a Administración non lle di aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que lles pide propostas para despois apoialas"*, apuntou.

A estas axudas poden acollerse tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas. Rodeiro lembrou que este ano, como novidade, e dentro desta ferramenta creouse a área Iniciativa Xove Emprendedora destinada a proxectos que permitan probar as ideas da mocidade no eido do emprendemento e da empregabilidade.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado destinou este ano a estas axudas preto de 570.000 euros, o que permitiu a execución de 165 proxectos xuvenís financiando ata o 100 por cento dos gastos cun orzamento máximo por plan de 4.000 euros. Ademais, o director xeral sinalou que os proxectos aprobados recibiron un adianto do 80 por cento do seu orzamento antes de realizar a actividade *"para que a falta de liquidez non sexa un obstáculo para ninguén"*, resaltou.

'Literapia'

O proxecto para poñer en marcha unha rede de voluntariado hospitalario para fomentar actividades literarias tamén inclúe, ademais da formación aos voluntarios, a creación dun premio literario e dun espectáculo de narración oral propio por parte dos voluntarios, así

como accións para dar visibilidade social ao voluntariado hospitalario.

En definitiva, o que se pretende é levar a cabo un proxecto piloto a partir do cal poder construír a rede arredor dos hospitais de Galicia co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas ingresadas a través da literatura. A idea nace a partir da proposta duns profesionais do Hospital Clínico de Santiago e da Universidade de Santiago que viron que a literatura podería ser unha boa forma de ocio e terapia para os nenos e nenas ingresados no servizo de pediatría.

Xuventude forma a máis de 200 mozos e mozas como mediadores xuvenís en diferentes materias de interese para a mocidade



Xoves, 17 Outubro 2013 00:00

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, visitou hoxe os participantes dun curso de formación de mediadores xuvenís en materia de sanidade.

Esta actividade consta do curso de formación presencial en grupo que se está a desenvolver, seguido dun período práctico.

A iniciativa está destinada a mozos e mozas de entre 18 a 35 anos.

Máis de 200 mozos e mozas de toda Galicia están a formarse como mediadores xuvenís en diferentes materias nas que están especializados os centros Quérote +, dentro do *Plan de Formación 2013* da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Con esta iniciativa trátase de formar a mozos e mozas nos principios básicos da mediación xuvenil, escolar e familiar, traballando aspectos relacionados coa convivencia entre iguais, a diversidade funcional, a afectividade e a sexualidade e os hábitos de vida saudables. Dentro de esta iniciativa, un total de 25 mozos e mozas procedentes de toda Galicia participan en Santiago nun curso de formación para capacitálos como mediadores xuvenís que dinamicen a promoción de estilos de vida saudables no ámbito da mocidade.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, visitou hoxe os participantes desta acción, destinada a que as asociacións e entidades xuvenís conten con persoal capacitado para mediar entre os mozos e mozas en materia de saúde.

Esta actividade consta dun curso de formación presencial en grupo que se está a desenvolver, seguido dun período práctico no que cada mediador terá que deseñar e elaborar un traballo práctico sobre a promoción de hábitos e estilos de vida saudables. En total, esta acción consta de 60 horas: 40 presenciais e 20 prácticas.

No período de formación en grupo expóñense contidos de carácter teórico e práctico sobre a promoción de hábitos e estilos de vida saudables e sobre o deseño e implementación de intervencións socioeducativas para a mocidade. Aplícase unha metodoloxía activo participativa que facilita a interacción entre o grupo, o adestramento de habilidades, e a expresión de opinións e inquedanzas para identificar e resolver estereotipos e mitos.

Ademais, cada mediador formado na fase presencial do curso deberá realizar unha parte práctica a distancia que consistirá na realiza-

ción dun traballo, análise de situación e proposta de actuación sobre un caso real dunha entidade ou asociación xuvenil, contando co apoio e seguimento personalizado dos formadores.

O curso está destinado a mozos e mozas de entre 18 a 35 anos e os criterios de selección tiveron en conta a orde de inscrición, priorizando aquelas persoas que formen parte ou colaboren con asociacións ou entidades xuvenís.

A Xunta realiza unha campaña entre a mocidade galega de información e sensibilización sobre a proba rápida de VIH



Venres, 18 Outubro 2013 13:05

Os *directores xerais de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, e de *Innovación e Xestión da Saúde Pública*, Sonia Martínez Arca, visitaron hoxe a mesa informativa instalada no campus sur da USC en Santiago.

A iniciativa, que desenvolven profesionais dos centros Quérote +, trasladarase o luns ata Lugo e A Coruña.

Os usuarios valoran a facilidade de acceso, o rápido resultado e as condicións de anonimato e confidencialidade destas probas.

Os centros Quérote + levan realizadas máis de 700 probas rápidas neste ano.

A Xunta levará a cabo nos próximos días, con motivo o domingo do *Día Mundial da proba rápida de VIH*, unha campaña entre a mocidade galega para informar e sensibilizar sobre a importancia de realizar esta proba. O equipo dos centros Quérote + da *Consellería de Traballo e Benestar* estarán presentes en tres espazos xuvenís de Galicia para desenvolver esta iniciativa. O público, ademais de recibir material informativo, poderá facerse a proba dunha maneira rápida e sinxela.

Os *directores xerais de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, e de *Innovación e Xestión da Saúde Pública*, Sonia Martínez Arca, visitaron hoxe a mesa instalada no campus sur da *Universidade de Santiago* que estará ata as 14,30 horas. O luns trasladarase ata Lugo, no edificio intercentros da USC, e ata A Coruña, no *Forum Metropolitano*. O horario será de 11.00 a 14.00 horas e, pola tarde, de 16.30 a 19.00 horas.

Os **obxectivos** desta iniciativa son dar a coñecer o servizo da proba rápida nos centros Quérote + e sensibilizar e informar sobre esta acción ao público diana (mocidade entre 16 e 35 anos) centrando os esforzos en chegar máis a esta franxa de idade fronte a outros grupos de poboación.

Os usuarios dos centros Quérote valoran como positivo a facilidade de acceso, o rápido resultado e as condicións de anonimato e confidencialidade das probas que se realizan nestas instalacións dependentes da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*. Neste ano xa se levaron a cabo máis de 700. A realización desta acción nestes centros, segundo explicou Rodeiro, permite chegar a un segmento da poboación ao que non teñen acceso os servizos convencionais de saúde, contribuíndo, desta maneira, á detección temperá da infección.

Neste senso, é importante resaltar que no período 2004-2010, un 40,3 por cento dos novos diagnósticos de VIH correspondéronse coa franxa de idade de 15 a 34 anos.

A proba rápida do VIH, que se realiza cunha mostra de fluído oral, permite detectar a presenza de anticorpos fronte ao virus da inmunodeficiencia humana sempre e cando transcorre o período de tres meses. Nos centros Quérote lévase a cabo no marco dun asesoramento acerca do VIH e a súa prevención, e durante o mesmo xa se informa ao usuario do resultado. Non é unha proba diagnóstica, xa que deberá ser confirmada por probas de laboratorio.

Unha diagnose a tempo ofrece a posibilidade de beneficiarse da terapia antiviral nas etapas precoces da infección e pode contribuír a modificar as condutas que favorecen a transmisión do virus a outras persoas.

En definitiva, do que se trata é de identificar e visibilizar os centros Quérote + como un servizo de referencia para a realización desta proba rápida. O próximo 1 de decembro, con motivo do *Día Mundial de Loita* contra o VIH, realizarase unha nova campaña desde estes centros.

Un proxecto de Iniciativa Xove achega as posibilidades das novas tecnoloxías aos mozos e mozas con discapacidade auditiva



Luns, 21 Outubro 2013 07:18

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, participou hoxe nesta iniciativa dirixida aos máis mozos da Federación de asociacións de persoas xordas de Galicia.

Nesta fin de semana analizaranse as posibilidades que ofrece o DNI electrónico na vida habitual, a seguridade e o mantemento de equipos informáticos, a instalación e configuración de sistemas operativos ou a creación de páxinas web.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* destinou este ano a estas axudas, ás que poden acollerse tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, preto de 570.000 euros.

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, participou hoxe nas actividades organizadas pola *Federación de asociacións de persoas xordas de Galicia (FAXPG)*, no marco dunha fin de semana tecnolóxica para os seus asociados máis novos en Santiago, enmarcada dentro do **programa Iniciativa Xove** da *Consellería de Traballo e Benestar*.

O **obxectivo** deste proxecto é o de achegar as posibilidades das novas tecnoloxías aos mozos e mozas con discapacidade auditiva. Deste xeito, analizaranse as posibilidades que ofrece o DNI electrónico na vida habitual, a seguridade e o mantemento de equipos informáticos, a instalación e configuración de sistemas operativos ou a creación de páxinas web.

Ademais, estas xornadas tamén permitirán coñecer á *plataforma IDendeaf*, unha ferramenta para a produción e formación audiovisual, que nace coa idea de achegar o audiovisual ás persoas xordas e de fomentar entre este colectivo unha identidade propia, a chamada 'Identidade Xorda'.

Para Ovidio Rodeiro, *"Iniciativa Xove funciona como unha escola de cidadanía activa, xa que permite que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos"*. Ademais, o director xeral destacou que con este programa *"a administración non lle di aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que lles pide propostas para despois apoialas"*.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado destinou este ano a estas axudas, ás que poden acollerse tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, preto de 570.000 euros. Isto permitiu a execución de 165 proxectos xuvenís financiando ata o cen por cen dos gastos e cun orzamento máximo por plan de 4.000 euros.

Ademais, o director xeral sinalou que os proxectos aprobados recibiron un adianto do 80 por cento do seu orzamento antes de realizar a actividade *"para que a falta de liquidez non sexa un obstáculo para ningún"*, segundo resaltou Ovidio Rodeiro.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Curso teórico de Monitor Sociocultural no Espazo Xove de Viveiro



Martes, 15 Outubro 2013 08:50

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un **curso de Monitor Sociocultural** no ESPAZO XOVE DE VIVEIRO, dentro do *Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2013*.

- **Obxetivos:** Proporcionar aos participantes unha formación teórica básica das funcións de monitor sociocultural.
- **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove e outras persoas interesadas no tema.
- **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación de solicitudes, tendo priori-

dade na admisión o Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove.

- **Número de horas:** 125 horas.
- **Nº de prazos:** 25.
- **Contidos:**
 - Definición de animación sociocultural.
 - Técnicas experimentais para o estudo de campo.
 - Técnicas de planificación e deseño de programas.

- Técnicas de organización.
- Técnicas de avaliación.
- Dirección de equipos.
- Técnicas de xestión.

- **Metodoloxía:** O curso realizarase na modalidade a distancia, con un exame final presencial que terá lugar no Espazo Xove de Viveiro.
- **Datas de realización:** O curso desenvolverase do 5 de novembro de 2013 ata o 10 de xaneiro de 2014.
- **Exame final presencial:** O exame final terá lugar 10 de xaneiro de 2014, de 19.00 a 20.00 horas, no Espazo Xove de Viveiro.
- **Prazo e lugar de inscrición:**
O prazo de presentación de solicitudes remata ás 14 horas do **30 de outubro de 2013**.

A inscrición no curso realizarase mediante o seguinte formulario de solicitude:

– **Formulario de Solicitude:** <http://xuventude.xunta.es/2013022611694/maria-uxia-de-riveiraviveiro.html>

Máis información:

Espazo Xove de Viveiro - Casa da Xuventude de Viveiro

Avda Cervantes S/N, 27850 Viveiro

Telf.: 982.56.03.94

Correo electrónico: cxviveiro.traballo@xunta.es

Exposición das obras finalistas da especialidade de deseño de xoias do certame Xuventude Crea 2013



Martes, 15 Outubro 2013 09:09

- **Inauguración:** o vindeiro día **23 de outubro** de 2013 ás 20:00 horas.
- **Lugar:** Fundación Museo Eugenio Granell - Praza do Toural (Santiago)
- **Datas da exposición:** do 24 de outubro ao 9 de novembro de 2013
- **Horarios:**
 - *martes a venres:* 11:00 a 14:00 horas; e de 16:00 a 20:00 horas
 - *sábados:* de 12:00 a 14:00 horas; e de 16:00 a 20:00 hora

Día mundial do Judo en Compostela



Mércores, 16 Outubro 2013 08:40

Judo Compostela organiza unha xornada de portas abertas co motivo do día mundial do Judo.

As actividades desenvolveranse o día **26 de outubro** no pavillón do Restollal de Santiago de Compostela desde as 10.30 da mañá.

Haberá exhibicións e sorteos.

Máis información en: <http://compostelajudoclub.com>

Xuventude Crea 2013: actuacións dos grupos finalistas de música e intervención en directo da especialidade de graffiti



Xoves, 17 Outubro 2013 18:15

Con motivo da celebración do **Congreso Internacional de Xuventude** os vindeiros días **25 e 26 de outubro** de 2013 na localidade de Ribeira, dentro da programación prevista terán lugar as finais das especialidades de música e graffiti (<http://xuventude.xunta.es/2013091811452/congreso-internacional-de-xuventude-da-educacion-non-formal-ao-emprego-e-ao-emprendemento.html>).

Música

Pub Brétema, venres **25 de outubro** de 21:00 a 23:00 horas. Actuarán:

- » Erick Feles
- » Miguel Alonso e banda
- » Alén de Ancos
- » Pi Graos
- » Fracasados de antemano
- » Dani Font

Graffiti

O **venres 25**, nas inmediacións do Pabellón municipal de Ribeira realizarán en directo os seus traballos os nove finalistas do Xuventude Crea 2013 da modalidade de graffiti:

- » David Canosa Barreiro
- » Roberto Sila Escariz
- » Alexis Parada Gutierrez
- » Tania Solla Fernández
- » Daniel Garrido García
- » Marcos Fernández Cea
- » Iria Fafián Alonso
- » Adrián Mourenza Pena
- » Tirso Paz Sans

Jemsa celebrará os días 7, 8, 9 de Novembro do presente ano 2013 Santiago de Compostela da XXX edición do Congreso Nacional de Júnior Empresas.



Luns, 21 Outubro 2013 08:04

A cidade de Santiago de Compostela acollerá a *Junior Empresarios* de toda España, estudantes e emprendedores. Todos eles se reunirán na capital galega coa finalidade de incrementar a súa formación, intercambiar ideas e traballar xuntos.

A apertura do devandito Congreso terá lugar no Pazo de Fonseca, emblemático edificio do século XVI. Será neste edificio compostelán cheo de historia onde terá comezo o **XXX Congreso Nacional de Júnior Empresas**.

Este Congreso pretende ser o evento das ideas, coas que todos podemos avanzar, considerando o emprendemento como motor de crecemento.

Así mesmo, este evento supoñerá unha oportunidade de pulo ao proxecto de moitos mozos emprendedores galegos; ofrecéndolles unha senda, colaborando, contribuíndo unidos.

Cabe agradecer o apoio recibido dende diversas institucións que fai posibles a celebración do devandito Congreso: Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de CC. Económicas e Empresariais, Xunta de Galicia, Concello de Santiago de Compostela, Cátedra Bancaja, Aula Mozos Emprendedores, FEAGA (Federación de Autónomos de Galicia), Cámara de Comercio de Santiago de Compostela. Da mesma forma, é necesario facer mención especial a diferentes organizacións privadas de Santiago de Compostela que colaboraron de forma activa para que a realización deste evento sexa posible.

Como ben se mencionou con anterioridade, o XXX CNJE terá lugar na capital de Galicia os próximos días 7, 8, 9 de novembro do presente ano. Os interesados en participar poderán realizar a súa inscrición a través do seguinte enlace: <http://xxcnje.wordpress.com>.

Ademais, de acordo ao Convenio existente coa cadea hoteleira NHHotels, o devandito complexo ofrecerá prezos especiais aos congresistas. A realización da reserva de cuartos pode realizarse a través do seguinte correo electrónico: nhobradoiro@nh-hotels.com.

Este congreso supón un paso máis no camiño do emprendemento, que permitirá reforzar relacións, así como compartir experiencias, proxectos e coñecemento. Desta forma, axudaranos a estar un paso máis preto do que queremos chegar a ser. Eloxiando a Antonio Machado:

*Caminante, son tus huellas
el camino y nada más;
Caminante, no hay camino,
se hace camino al andar*

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Curso teórico de Monitor Sociocultural no Espazo Xove de Viveiro



Martes, 15 Outubro 2013 08:50

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un **curso de Monitor Sociocultural** no ESPAZO XOVE DE VIVEIRO, dentro do *Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2013*.

- **Obxetivos:** Proporcionar aos participantes unha formación teórica básica das funcións de monitor sociocultural.
- **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove e outras persoas interesadas no tema.
- **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación de solicitudes, tendo prioridade na admisión o Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove.
- **Número de horas:** 125 horas.
- **Nº de prazos:** 25.
- **Contidos:**
 - Definición de animación sociocultural.
 - Técnicas experimentais para o estudo de campo.
 - Técnicas de planificación e deseño de programas.
 - Técnicas de organización.

- Técnicas de avaliación.
- Dirección de equipos.
- Técnicas de xestión.

- **Metodoloxía:** O curso realizarase na modalidade a distancia, con un exame final presencial que terá lugar no Espazo Xove de Viveiro.
- **Datas de realización:** O curso desenvolverase do 5 de novembro de 2013 ata o 10 de xaneiro de 2014.
- **Exame final presencial:** O exame final terá lugar 10 de xaneiro de 2014, de 19.00 a 20.00 horas, no Espazo Xove de Viveiro.
- **Prazo e lugar de inscrición:**

O **prazo** de presentación de solicitudes remata ás 14 horas do **30 de outubro de 2013**.

A inscrición no curso realizarase mediante o seguinte formulario de solicitude:

- **Formulario de Solicitude:** <http://xuventude.xunta.es/2013022611694/maria-uxia-de-riveiraviveiro.html>

Máis información:

Espazo Xove de Viveiro - *Casa da Xuventude de Viveiro*

Avda Cervantes S/N, 27850 Viveiro

Telf.: 982.56.03.94

Correo electrónico: cxviveiro.traballo@xunta.es

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

'CREAtividades' iníciate na cestería



Martes, 15 Outubro 2013 12:16

xoves 17 de outubro de 16:30 a 18:00 h
xoves 24 de 10:30 a 12:00 h.

INÍCIATE NA CESTERÍA

Taller 'As 5 S' 6 e 7 de novembro. Sé FEUGA.Santiago de Compostela



Xoves, 17 Outubro 2013 11:56

• **Dirixido a:** Todas aquelas persoas con responsabilidade directa e que necesiten desenvolver as súas capacidades para implantar as 5 eses na función loxística e/ou noutras funcións directamente relacionadas. En xeral, directivos, responsables, técnicos e supervisores de loxística, compras, operacións, almacén, calidade e mellora de procesos ou consultores que axuden ás empresas na implantación destes principios.

Trátase dun conxunto de técnicas de xestión visual que, mediante a organización do posto de traballo, facilitan a detección de problemas e como previlos no futuro.

Os asistentes a este taller coñecerán que son as 5S, que beneficios aportan aos resultados da compañía e como implantarlas dun modo eficaz e permanente.

- **Modalidade:** Presencial.
- **Duración:** 12 horas.
- **Data inicio:** 6 de novembro de 2013.
- **Lugar de celebración:** Sé Feuga (Santiago de Compostela).
- **Horario:** día 6, de 09:30 a 14:00 e de 15:30 a 18:00 hs e día 7, de 09:30 a 14:30 hs.
- **Data límite de inscrición:** 29 de outubro de 2013
- **Importe matrícula:** 395 €
- **Descontos:** Socios FEUGA: 10% en todos os cursos.

Máis información: feugaformacion@feuga.es / www.feuga.es

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Axudas para a formación posdoutoral



Mércores, 16 Outubro 2013 07:49

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do *Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C)*, para o ano 2013.

• **Modalidade A:** contrato dun máximo de dous anos de duración para a realización de estadias no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración nunha universidade do SUG.

– Beneficiarios:

As universidades do SUG que contraten as persoas seleccionadas, a través dun contrato laboral de duración determinada con dedicación a tempo completo de acordo co marco lexislativo actual, en virtude do cal a persoa seleccionada quedará vinculada á dita universidade.

– Requisitos:

- a) Ter o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o título de doutoramento dunha universidade do SUG. Non obstante, as persoas que non acadasen ningunha destas titulacións nunha universidade do SUG tamén poderán optar á axuda, aínda que o número máximo das que se poderán conceder nese suposto non poderá exceder o 10 % do total das concedidas.
- b) Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2008. Entenderase como data de obtención do título de doutor a data de lectura e aprobación da tese de doutoramento.

• **Modalidade B:** contratos dun ano de duración, sen posibilidade de prórroga, nunha universidade do SUG, dirixidos ao persoal doutor investigador beneficiario dun contrato nunha universidade do SUG do programa Ángeles Alvariño do Plan Incite (convocatorias de 2007 ou 2009), que permanecese nel ata o seu remate e completase o seu período de estadía de 24 meses

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de novembro de 2013**.

As solicitudes poden tramitarse en: <https://sede.xunta.es>, co procedemento ED481B para a modalidade A e procedemento ED481C para a modalidade B.

Máis información no DOG do 15 de outubro de 2013.

Convocadas 34 bolsas de prácticas en empresas para titulados da UDC.

Venres, 18 Outubro 2013 09:28

A Universidade da Coruña, convoca estas bolsas para prácticas profesionais no estranxeiro como bolsas Leonardo "Proxecto Hi Training".

As prácticas profesionais son en empresas estranxeiras de Alemaña, Italia, Francia, Reino Unido, Bélxica e Irlanda cunha duración de 24 semáns cada unha.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **15 de novembro de 2013**.

Máis información: www.udc.es.

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas no Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía



Venres, 18 Outubro 2013 07:25

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía convoca bolsas de investigación, coordinación-formación e formación entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2014 (<http://www.boe.es/boe/dias/2013/10/18/pdfs/BOE-A-2013-10927.pdf>).

As bolsas serán as seguintes:

– **1 Bolsa de investigación no Departamento de Coleccións:**

licenciatura ou posgrao con especialización en Historia da Arte (Diploma de Estudos Avanzados ou Doutorado).

– **2 Bolsas de investigación no Departamento de Exposicións:**

licenciatura en Xeografía e Historia ou en Historia da Arte ou posgrao con especialización en Historia da Arte.

– **1 Bolsa de coordinación-formación no Departamento de Actividades Públicas:**

licenciatura en Historia da Arte, Humanidades ou Comunicación Audiovisual.

– **1 Beca de coordinación-formación en el Departamento de Exposiciones:**

titulación académica oficial de licenciatura en Historia del Arte o bien en Humanidades con especialización de posgrado en ámbitos de la Historia del Arte.

– **1 Bolsa de formación museística no Departamento de Exposicións:**

licenciatura en Historia da Arte.

– **1 Beca de formación en conservación en el Laboratorio de Química del Departamento de Conservación y Restauración.**

Estar en posesión de una titulación académica oficial de licenciatura o grado en Ciencias Químicas.

– **1 Bolsa de formación en biblioteconomía e documentación na Biblioteca e Centro de Documentación:**

licenciatura en Biblioteconomía e Documentación ou dunha licenciatura cun título técnico de capacitación de polo menos un ano en Biblioteconomía e Documentación.

Os beneficiarios contarán co asesoramento, orientación e seguimento dun titor.

• **Prazo:** 2 de novembro de 2013.

Máis información: BOE do 18 de outubro de 2013.

www.museoreinasofia.es

PREMIOS E CONCURSOS

Concurso Novela Curta ARTI



Mércores, 16 Outubro 2013 07:27

A Residencia Universitaria Arti convoca o **Primeiro Premio Literario á Novela Curta ARTI** para mozas/os universitarias/os.

• **Destinatarios/as:** Poderán participar todas as escritoras/es que se atopen cursando unha carreira universitaria, diplomatura, doutorado ou posgrao en calquera universidade do territorio nacional no curso 2013 - 2014 e cuxa idade non supere os 30 anos.

• **Premio:** 3.500 euros

• **Prazo:** O prazo para a presentación de exemplares abriuse o **1 de setembro** do 2013 e pecharase

o 30 de abril do 2014.

Máis información: <http://www.artiresidenciauniversitariamadrid.com/k2/k2-portfolio.html>

Concurso Reporteiros/as na Rede 2013-2014



Mércores, 16 Outubro 2013 07:42

- **Convoca:** Obra Social Ibercaja
- **Destinatarias/os:** Estudantes ESO, Bachillerato e Ciclos Formativos (sendo a idade límite 20 anos) de centros educativos españois, coordinados por un/ha profesor/a do seu centro educativo.
- **Modalidades:** artigo escrito e peza audiovisual curta (vídeo).
- **Premios:**
 - *Artigo escrito:*
 - » Bachiller e Ciclos Formativos: **1er Premio** por valor de 700 €; **2º Premio** por valor de 500 €.
 - » ESO: **1er Premio** por valor de 700 €; **2º Premio** por valor de 500 €.
 - *Peza audiovisual curta (vídeo):*
 - » **1er Premio** por valor de 1.000 €. **2º Premio** por valor de 700 €.

• **Inscripción:** do **30 de setembro de 2013** ao **24 de xaneiro de 2014** inclusive, cumprimentando o formulario que aparece na web.

- Fonte e bases da convocatoria: http://www.ibercajalav.net/actividades_concurso.php?codopcion=2252&codopcion2=2309&codopcion3=2309

Concurso Young Business Talents 2013



Mércores, 16 Outubro 2013 08:25

Queres ter experiencia no mundo laboral? Experimentar, coñecer, saber como resolver un problema...

• **Convoca:** Praxe MMT

Young Business Talents é un simulador empresarial que che permitirá practicar tomando todo tipo de decisións dentro dunha empresa. Podes participar nunha competición rexional, nacional e internacional que dará un aliciente apaixonante ao usar o simulador.

Inscripcións gratuítas ata o 31 de outubro.

- **Periodo de inscrición:** do 14/10/2013 ao 31/10/2013
- **Requisitos:** Persoas que teñan entre 15 e 21 anos de idade que o desexen, sempre que estean cursando estudos de 4º ESO, Bachillerato ou ciclos formativos de grado medio ou superior de FP nunha institución docente en territorio español.
- **Dotación:** Hai 21.000 euros en premios e un diploma para o teu curriculum.

Máis información: <http://www.youngbusinesstalents.com>

VI Certame MúsicaXove



Mércores, 16 Outubro 2013 10:22

A *Concellería de Xuventude* convoca o **VI Certame MúsicaXove**, co obxectivo de promocionar, impulsar e canalizar a creatividade musical da mocidade (http://www.santiagodecompostela.org/imxd/noticias/doc/1381406976cuadriptico_BASES_2.pdf).

O **concurso** ten como destinatarios aos artistas emerxentes que manteñen a súa actividade en Santiago, pero tamén aberto ao intercambio e á ampliación do circuíto, dando cabida a todas aquelas bandas e solistas que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

O xurado, previa audición das maquetas presentadas ao Certame, seleccionará como mínimo catro participantes que accederán a un concerto final onde actuarán cun tempo máximo de 12 minutos. Terán que interpretar, como mínimo, os dous temas presentados na maqueta.

Este concerto final desenvolverase o sábado 30 de novembro na Sala Capitol. Rematadas as actuacións, farase pública a decisión do xurado.

• **Premios:**

O elixido como mellor grupo recibirá un premio de 1.800 euros, mentres que o segundo clasificado levará 800 euros. Establécese ademais un premio especial do xurado, dotado con 400 euros. Está prevista a edición dun disco compacto coa participación dos catro finalistas.

O **prazo** de inscrición no certame estará aberto ata o **8 de novembro**. As **solicitudes** (http://www.santiagodecompostela.org/imxd/noticias/doc/1381406976cuadriptico_BASES_2.pdf) deberán presentarse no Rexistro Auxiliar do Concello situado no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche (rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16), en horario, en días laborables, de 9:00 a 14:00 horas

Máis información no Centro Sociocultural O Ensanche, teléfono: 981 543 001

dptoxuventude@santiagodecompostela.org

Competición fotográfica "This is my Europe"



Venres, 18 Outubro 2013 07:24

Con motivo do *Ano Europeo dos Cidadáns*, *Relaunching Europe* organizou un concurso de fotografía para maiores de 18 anos de calquera dos 28 Estados membros da Unión Europea, baixo o lema "Esta é a miña Europa".

• **Periodo de inscrición:** do 6/9/2013 ao 30/10/2013.

– Existen dúas categorías:

- » A miña visión de Europa: comparte fotos de persoas, eventos ou lugares que representen á Europa na que che gustaría vivir, así como outras ideas sobre o futuro da UE.
- » Europa na miña vida diaria: sobre aquelas imaxes de persoas, lugares ou obxectos que mostren o papel de Europa no teu día a día.

Máis información: <http://www.injuve.es/convocatorias/premios/competicion-fotografica-my-europe>

Concurso de literatura Xóvenes Talentos Coca-Cola

Venres, 18 Outubro 2013 09:36

Convocada **54ª edición do Concurso de Literatura Xuvenil Xóvenes talentos**. Este premio está dirixido a xóvenes de segundo da ESO, que participan a través dos seus colexios. O mestre de literatura é o encargado de practicar o relato curto en clase e seleccionar ós alumnos que representan ó colexio no concurso.

Máis información: concursojovenestalentos.cocacola.es ; www.injuve.es

Certame de fotografía co móbil. Foto con Sentimento



Venres, 18 Outubro 2013 09:59

A Concellaría de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela convoca o **1º Certame de Fotografía co móbil**, Foto con sentimento, co obxectivo de promover e premiar a creatividade dos mozos e mozas afeccionados á fotografía e potenciar o uso alternativo das novas tecnoloxías.

O **concurso** ten a finalidade de que os mozos e mozas participantes plasmen nas súas instantáneas, tomadas cun teléfono móbil, unha serie de sentimentos, para o cal deben encadrar as súas fotografías en calquera punto da cidade.

As obras a presentar no concurso consistirán en catro fotografías que representen os seguintes sentimentos:

- Amor
- Odio
- Leducia
- Tristeza

Poderán participar no certame os mozos e mozas de 16 a 30 anos, empadroados en Santiago de Compostela ou que estean realizando os seus estudos nun centro educativo deste municipio.

• **Inscricións:**

- Datas: Do 14 de outubro ao 18 de novembro de 2013
- Lugar: As solicitudes presentaranse no correo electrónico: certamefotomobil@santiagodecompostela.org

O **premio** do certame consistirá na reprodución das obras en formato papel, para que formen parte dunha exposición de novos creadores, que terá lugar no espazo expositivo do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, en data a determinar ao longo do ano 2014.

Ademais o gañador recibirá unha Tablet Kindle Fire HD 8,9 Pantalla HD de 8,9" (22,6 cm), audio Dolby, wifi de dobre banda e dobre antena de 16 GB.

Máis información no centro sociocultural e xuvenil O Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado nº14-16), teléfono 981 543 001

Premios mocidade emprendedora por un Mundo Sostensible



Luns, 21 Outubro 2013 07:12

Este concurso internacional quere premiar a mozas/os con ideas innovadoras que desenvolvan negocios sostibles, onde as persoas se adaptan a vivir e traballar protexendo o planeta para xeracións futuras. Búscanse solucións innovadoras, prácticas e tanxibles que inclúan produtos, servizos ou aplicacións que teñan certo éxito previo a través das redes, unha institución, ou mediante a creación dunha nova empresa.

Periodo de inscrición: ata ou 1 de novembro de 2013.

Os sete novos emprendedores que presenten as mellores iniciativas recibirán financiamento e o asesoramento de expertos para axudarlles optimizar a posta en práctica das súas ideas. Ademais, participarán nun programa de desenvolvemento en liña de catro semanas, seguido dun taller presencial de dous días na *Universidade de Cambridge*.


- **Temática dos proxectos**: auga, saneamento e hixiene, nutrición, escaseza de auga, gases de efecto invernadero, residuos, agricultura sostible, axuda aos pequenos agricultores.
- **Requisitos**: Mozas/os emprendedores de 18 a 30 anos.
- **Dotación**: O gañador recibirá os 50.000 euros do Premio Príncipe de Gales ao Mozo/a Emprendedor/a para a Sostenibilidade, así como un programa de asesoramento individualizado valorado en 25.000 euros. Os seis finalistas tamén recibirán un premio en metálico de 10.000 euros e un soporte de asesoramento dotado con 10.000 euros.

Máis información: www.changemakers.com/SustLiving

Concurso debuxo "A Paisaxe das palabras"

Luns, 21 Outubro 2013 07:22

Paradores de España e a Universidade de Alcalá presentan o **concurso de debuxo "A paisaxe das palabras"**.



O tema proposto é "O mundo narrativo de Mario Vargas Llosa", no 50 aniversario do seu libro "La ciudad y los perros".

- **Periodo de inscrición:** ata o 31 de novembro de 2014.
- **Categorías:** Tema libre ou tema proposto no que os participantes que queiran concursar deberán basear o seu debuxo no mundo narrativo do escritor Mario Vargas Llosa. Neste caso, os debuxos deberán acompañarse dun texto, máximo unha páxina, que xustifique a relación do traballo presentado co tema proposto.

Requisitos: estudantes de arquitectura técnica e superior de calquera centro de estudos de España.

• **Dotación:**

Premio ao mellor debuxo sobre o mundo narrativo de Mario Vargas Llosa: 2 noites de aloxamento e xantar na Rede de Paradores. Premio ao mellor debuxo de tema libre: 2 noites de aloxamento e xantar na Rede de Paradores. Mención especial: xantar e spa para dúas persoas no Parador de Alcalá de Henares.

Máis información: Universidade de Alcalá: <http://www.uah.es/cultura>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Xuíz de Paz titular da Gudiña

Martes, 15 Outubro 2013 07:45

O *Tribunal Superior de Xustiza de Galicia* fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz titular do concello da Gudiña. Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento. Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **2 de novembro de 2013**.

Máis información no BOP de ourense do 15 de outubro de 2013 e na OMIX da Gudiña, teléfono 988 594 006

Prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia

Xoves, 17 Outubro 2013 07:29

A *Consellería de Educación* abre un prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia nos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e mestres de taller de artes plásticas e deseño nas seguintes especialidades:

Corpo de profesores de ensino secundario

Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal

- Licenciado en: Química. Bioquímica. Farmacia. Bioloxía. Medicina.
- Enxeñaría Química.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Hostalaría e Turismo

- Diplomado en: Turismo. Empresas e Actividades Turísticas.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Procesos de Producción Agraria

- Enxeñaría técnica: Agrícola. Forestal. Montes.
- Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Procesos na Industria Alimentaria

- Diplomado en Nutrición Humana e Dietética.
- Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias.
- Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
- Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos

- Licenciado en:
 - Bioquímica. Farmacia. Bioloxía. Medicina. Odontoloxía. Veterinaria.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Procesos Sanitarios

- Licenciado en: Bioquímica. Farmacia. Bioloxía. Medicina. Odontoloxía. Veterinaria
- Diplomado en: Enfermaría ou equivalente. Fisioterapia.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel

- Enxeñaría Têxtil.
- Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade Têxtil.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Sistemas Electrónicos

- Diplomatura en Radioelectrónica Naval.

- Enxeñaría técnica: Aeronáutica, especialidade en Aeronavegación. Informática de Sistemas. Industrial, especialidade en Electricidade, especialidade Electrónica Industrial ou especialidade Enerxética. Telecomunicacións. Electrónica.
- Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
- Licenciatura en Física, especialidade: Electrónica. Optoelectrónica.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Sistemas Electrotécnicos e Automáticos

- Diplomado en Radioelectrónica Naval.
- Enxeñaría técnica: Aeronáutica, especialidade en Aeronavegación. Informática de Sistemas. Industrial, especialidade en Electricidade, especialidade en Electrónica Industrial, especialidade Enerxética. Telecomunicacións. Electrónica.
- Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
- Licenciatura en Física, especialidade Electrónica.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Corpo de profesores técnicos de formación profesional

Instalacións e Mantemento de Equipamentos Térmicos e Fluídos

- Enxeñaría técnica: Aeronáutica. Industrial. Minas. Telecomunicacións. Naval. Agrícola. Obras Públicas. Química.
- Diplomatura en Máquinas Navais.
- Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
- Licenciatura en Físicas.
- Enxeñaría: Automática e Electrónica Industrial. Organización Industrial.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Mecanizado e Mantemento de Máquinas

- Enxeñaría técnica: Aeronáutica, especialidade en Aeronaves e especialidade en Equipamentos e Materiais Aeroespaciais. Industrial. Minas. Agrícola, especialidade en Explotacións Agropecuarias, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias, especialidade en Mecanización e Construcións Rurais. Obras Públicas, especialidade en Construcións Cívís. Deseño Industrial. Naval, especialidade en Estruturas Mariñas e especialidade en Propulsión e Servizos do Buque.
- Diplomatura en Máquinas Navais.
- Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).
- Técnico superior en Producción por Mecanizado.
- Técnico especialista en: Montaxe e Construción de Maquinaria. Micromecánica de Instrumentos. Instrumentista en Sistemas de Medida. Utensilios e Montaxes Mecánicos.

Mecánico de Armas. Fabricación Mecánica. Máquinas-Ferramentas. Matrizaría e Moldes. Control de Calidade. Micromecánica e Reloxaría.

Patronaxe e Confección

- Técnico superior en: Procesos de Confección Industrial. Patronaxe.
- Técnico especialista en: Confección Industrial de Pezas de Roupas Exterior. Confección Industrial de Pezas de Roupas Interior. Confección a Medida de Señora. Producción en Industrias da Confección. Xastraría e Modistaría. Confección de Tecidos.

Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico

- Licenciado en: Bioquímica. Farmacia. Bioloxía. Medicina. Odontoloxía. Veterinaria.
- Diplomado en: Enfermaría ou equivalente. Fisioterapia.

- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Procedementos Sanitarios e Asistenciais

- Licenciado en: Bioquímica. Farmacia. Bioloxía. Medicina. Odontoloxía. Veterinaria.
- Diplomado en: Enfermaría ou equivalente. Fisioterapia.
- Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).
- Servizos de Restauración
- Técnico superior en Restauración.
- Técnico especialista en Hostalaría.

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

Alemán

- Licenciado en: Filoloxía Xermánica. Tradución e Interpretación ou Lingüística, sempre que se cursase alemán como primeira lingua estranxeira.

Corpo de profesores de música e artes escénicas.

Guitarra:

- Título de profesor superior nesta especialidade (Decreto 2618/1966).
- Título superior de Música na especialidade de Pedagogía, opción Pedagogía do Instrumento Guitarra (Real decreto 617/1995).
- Título superior de Música nesta especialidade (Real decreto 617/1995).
- Título de profesor nesta especialidade (Decreto 2618/1966) ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).

Trompa:

- Título de profesor superior nesta especialidade (Decreto 2618/1966).
- Título superior de Música na especialidade de Pedagogía, opción Pedagogía do Instrumento Trompa (Real decreto 617/1995).
- Título superior de Música nesta especialidade (Real decreto 617/1995).
- Título de profesor nesta especialidade (Decreto 2618/1966) ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).

Corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Técnicas de Gravado e Estampación:

Titulación de Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño, especialidade de Gravado e Técnicas de Estampación, obtido seguindo os correspondentes currículos oficiais das comunidades autónomas, establecidos ao abeiro do Real decreto 1386/1995, do 4 de agosto (BOE do 18 de setembro) e na Comuniade Autónoma de Galicia conforme o Decreto 71/2002, do 14 de febreiro (DOG do 14 de marzo).

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de outubro de 2013**.

Mais información no DOG do 17 de outubro de 2013 e en: www.edu.xunta.es.

Axentes facultativos ambientais para a Xunta de Galicia

Xoves, 17 Outubro 2013 07:38

A *Consellería de Facenda* convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de axudantes facultativos da *Xunta de Galicia*, subgrupo C1, escala de axentes facultativos ambientais.

O total de prazas convocadas son 20, das cales, 5 son para promoción interna e 15 para quenda libre.

• **Requisitos:**

Estar en posesión ou en condición de obter o título de técnico/a superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos ou da titulación de técnico/a especialista equivalente.

Estar en posesión ou en condicións de obter os permisos de conducir das modalidades A2 e B con autorización BTP.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **6 de novembro de 2013**.

Máis información no DOG do 17 de outubro de 2013

Xuíz de Paz sustituto do Concello de Brión

Xoves, 17 Outubro 2013 08:17

O *Concello de Brión* fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz titular e sustituto do concello.

Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de novembro de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 17 de outubro de 2013 e na OMIX de Brión, teléfono 981 887 006

Técnico/a de orientación laboral en Betanzos

Venres, 18 Outubro 2013 07:40

O *Concello de Betanzos* fai unha convocatoria para a contratación temporal dun *Técnico/a de orientación laboral*.

• **Requisitos:**

Estar en posesión do título de diplomatura universitaria ou superior en Psicología, Pedagogía, Psicopedagogía, Sociología, Educación

Social, Traballo Social, Relacións Laborais.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de outubro de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 14 de outubro de 2013 e no do 18 de outubro, no que se amplía o prazo.

Técnico/a de igualdade en Malpica de Bergantiños

Venres, 18 Outubro 2013 07:44

O *Concello de Malpica de Bergantiños* fai unha convocatoria para a contratación temporal dun Técnico/a de igualdade.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de outubro de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 18 de outubro de 2013 e en www.concellodemalpica.com

Convocadas 23 prazas de administrativo das Cortes Xerais.

Venres, 18 Outubro 2013 09:21

As *Cortes Xerais*, convocan estas prazas por turno libre, reextrinxido (o 25%) e 2 de discapacidade), as que non se cubran por este motivo, pasan a turno libre.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 15 de outubro de 2013.

Convocadas prazas de letrados das Cortes Xerais.

Venres, 18 Outubro 2013 09:22

As prazas do corpo de Letrados son (turno libre, reextrinxido (o 25%) e 1 de discapacidade), de non ser cubertas, pasarían a turno libre

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 15 de outubro de 2013.

Convocadas 2 prazas temporais de Enxeñeiros de Camiños na UDC.

Venres, 18 Outubro 2013 09:32

A *Universidade da Coruña*, convoca 2 prazas de enxeñeiros de camiños (7 meses), como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 10 días desde a publicación na páxina o 15 de outubro.
Máis información: www.udc.es.

Convocada 1 praza temporal de Doutor en Química ou Bioloxía na UDC.

Venres, 18 Outubro 2013 09:33

A *Universidade da Coruña*, convoca 1 praza temporal (7 meses), como colaborador en proxectos de investigación.
O **prazo** de presentación é de 10 días desde a publicación o 16 de outubro na páxina: www.udc.es.

Convocada 1 praza temporal de Enxeñeiro en Informática.

Venres, 18 Outubro 2013 09:35

A *Universidade da Coruña*, convoca 1 praza temporal (3 meses e 15 días), para enxeñeiro en informática, como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 10 días desde a publicación o **17 de outubro**.
Máis información: www.udc.es.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Luns, 21 Outubro 2013 07:11

Perruqueiro/a de señoras

- Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)
nº oferta: 12/2013/7041
- Requisitos:
perruqueiro/a oficial de primeira con 5 anos de experiencia.

Formadores/as de formación ocupacional non regulada

- Localidade: Coruña, A
nº oferta: 12/2013/7883
- Requisitos:
necesítanse formadores/as de formación ocupacional non regulada con 12 meses de experiencia. inglés nivel superior. licenciatura en filoloxía inglesa ou en tradución e interpretación.

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Culleredo (A Coruña)
nº oferta: 12/2013/7899
- Requisitos:
necesítanse camareiros/as. contrato para a integración de persoas con discapacidade.

Albaneis

- Localidade: Ordes (A Coruña)
nº oferta: 12/2013/8148
- Requisitos:
necesítanse albaneis con 6 meses de experiencia.

Instaladores/as electricistas, en xeral

- Localidade: Lugo
nº oferta: 12/2013/8378
- Requisitos:
necesítanse instaladores/as electricistas con 30 meses de experiencia
Mais Información: Teléfono: 902 125 000

Comercial sector recambio de automoción

Luns, 21 Outubro 2013 08:39

EMYTRA SL ofrecemos incorporación a unha importante empresa. Necesitamos unha persoa con alta vocación comercial.

- Tarefas de xestión de carteira de clientes de empresa.
- Ampliación da carteira para toda Galicia.
- Estudos primarios.
- Experiencia mínima de 2 anos.
- Xornada completa con horario partido.
- Contrato temporal e salario segundo convenio.

rtaboada@emytra.es

Comercial autoventas para Santiago de Compostela

Luns, 21 Outubro 2013 08:39

Novadelta Comercio de Cafés España SAU necesita incorporar un axente comercial/representante para mantemento de clientes organizados por ruta, captación de novos clientes con seu correspondente xestión de cobro, organización de vehículo comercial e mercadería, inventarios e axuda ós procedementos administrativos que todo conleva.

Se requiren estudos de bacharelato. Experiencia de dous anos.

Salario de 12000 ata 21000 euros/ano.

Horario partido.

Contrato inicial temporal con posibilidade de indefinido.

91 68 98 128

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX ➔ CASAS DA XUVENTUDE

'CREAtividades' iníciate na cestería



Mércores, 16 Outubro 2013 12:56

CESTERÍA FÁCIL

Iníciate na cestería no Espazo Xove de Ourense

Xoves 17 de 16:30 a 18:h.

Xoves 24 de 10:30 a 12:00h



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net